


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

29-30 de agosto do 2026

XXII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que ledos hoxe estamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Vivimos tempos nos que ser coherentes non se estila. O que importa é o momento, e cada momento ten as súas decisións, sen importar o pasado e sen importar o futuro. Vivimos ao día como se iso fora o único que importa.

A proposta de Xesús, en cambio, pasa por asumir o pasado e non ter medo a enfrontarse ao que está por vir. El é consciente de que a súa vida estase encamiñando cara a condena por parte duns cantos, pero iso non o bota para atrás, sen medo fálalle aos seus amigos de canto se aveciña. Aclara que ir con el non é so acompañar de paseo, é cargar coa cruz, é compartir o peso das cruces dos demais, é dar vida aliviando as cruces dos outros.

So así, dende esta coherencia sen medo, tivo sentido a vida para Xesús.

Que a celebración de hoxe nos axude a vivir que estamos pola igualdade contra o racismo, que estamos pola paz contra a violencia.

Celebrante: *Xesús pídenos ser coherentes, sabendo que vale a pena compartir coas persoas de ben, coas que acollen, coas que se esforzan, coas que están dispostas a cargar a cruz, coas que queren vivir no xeito de Xesús, por iso agora cremos que nós temos que pedir perdón:*

Monitor/a

- ✓ Perdón polas nosas comodidades, rutinas e apariencias, pois ás veces somos pouco coherentes.

SEÑOR, TÉNDENOS A TÚA MAN

- ✓ Perdón polas veces que somos pouco tolerantes e respectuosos, e si somos algo racistas fomentando desigualdades.

CRISTO, TÉNDENOS A TÚA MAN

- ✓ Perdón polas nosas fallas de responsabilidade persoal, pois ás veces miramos o mal que fan os demais e non somos capaces de velo en nós.

SEÑOR, TÉNDENOS A TÚA MAN

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Neste momento en que rematamos a primeira parte da celebración confiamos ás mans de Deus Pai a nosa oración. Recordamos con dor o que está pasando coa paz, recordamos con dor o sufrimento de moitas mulleres, recordamos con pena as vidas rotas dos refuxiados en Ceuta, e recordamos que nós temos que ser non só crentes senón tamén cribles.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, de ti ven todo don perfecto. Enche os nosos corazóns con amor a Ti e aumenta a nosa fe, para que medre o ben que hai dentro de nós e para que, coa túa axuda, vivamos en coherencia co evanxeo.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Xesús non se deixa levar pola covardía, mira as dificultades de fronte, sabe que o está a facer ben e non lle ten medo as consecuencias.*

El non lle foxe á realidade, aínda que a realidade vaia cravada nunha cruz. Escoitámolo no evanxeo de hoxe.

No Leccionario I A páxina 244 **Xer 20, 7-9** **LECTURA**
LECTURA DO PROFETA XEREMÍAS

Señor, seducíchesme e deixeime seducir;
collíchesme e puideches comigo.

Sirvo a cotío de burla; a destrución é o meu pan.
Sempre que falo, teño que proclamar: ¡Desastre!;
teño que clamar: ¡Destrucción!

A palabra do Señor volveuse para min un escarnio,
unha burla continua.

Se digo: "Non me vou acordar máis del,
non falarei máis no seu Nome",
entón a súa palabra vólvese coma un lume abrasador
no meu corazón, un lume prendido nos meus ósos;
fago forza por apagalo, pero non son capaz.

Palabra do Señor

🎵 *Escoita ao Señor* *SALMO*

(en pé) *Leccionario I A pág 246* **Mt 16,21-27** **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO MATEO

Daquela empezou Xesús a aclararlles aos seus
discípulos que tiña que ir a Xerusalén, e que alí o ían
facer padecer moito os anciáns, os sumos sacerdotes e os
letrados; que o ían executar e que ao terceiro día ía
resucitar.

Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifar con el,
dicindo:

- Deus te libre, Señor; a ti non che pasará nada diso de
maneira ningunha.

Pero el, volvéndose, díxolle a Pedro:

- ¡Arreda de min, Satanás! Ti es un tentador para min,
porque non te deixas guiar por Deus senón polos homes.

Entón díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo,
que cargue coa súa cruz e que me siga. Porque quen
queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen a
perda pola miña causa, poñeraa a salvo. Pois ¿de que lle
serve ao home gañar o mundo enteiro se perde a súa
vida? E ¿que pode dar un home para recobrar a súa vida?
Porque o Fillo do Home ha vir coa gloria de seu Pai entre
os anxos; entón pagará a cadaquén conforme á súa
conducta.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para
acoller a palabra no corazón




Unhas palabras a xeito de homilía

Hoxe agradecemos cos nosos veciños e veciñas da parroquia o feito de que Xesús pase pola vida dando vida, ata dala toda por todos na cruz. Por iso a cruz non é fracaso, a cruz é a aposta de quen ama e está disposto a dar vida. A cruz non é un final de morte, é máis ben a coherencia de quen dá vida.

Nesta escola da vida estamos cando nos doemos co maltrato que se lle dá hoxe á terra e á natureza e iso que xa temos con nós as consecuencias do cambio climático aínda que haxa quen o negue.

Que cerca está a cruz, e canto fuximos dela. A cruz de quen non é respectado por pensar, rezar ou vivir diferente, como está a pasar estes días en Ceuta.

A cruz de quen se sente esquecido nesta sociedade tan competitiva para a que non se vale se es maior ou estás vivindo enfermidade.



A cruz das mulleres que non poden vivir en paz nin tan sequera no seu fogar.

A cruz de quen fuxe da súa terra porque nela non pode vivir en paz.

A cruz de moitos homes e mulleres de ben.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, deixándonos guiar pola luz da fe, queremos ser crentes e cribles no esforzo de facer evanxeo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe enchéndonos de amor, que pon nas nosas mans o esforzo por facer as cousas mellor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que quixo compartir á nosa beira, que nos convida a ser vida para os demais, que nos alenta a camiñar sen medos e sendo coherentes?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo, que se fai realidade no noso corazón e que nos alenta a axudar a cargar as cruces dos que xa non poden máis?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade sempre chamada a ser ilusión e esperanza neste mundo, ás veces, farto de cruces e afogado de presas?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar polos homes e mulleres que en tantas circunstancias da súa vida viven baixo o peso da cruz:*

Señor, escóitanos

Monitor/a:

✓ Pedimos polas nais e pais da parroquia, para que axuden a medrar aos máis pequenos dende a coherencia e o respecto a un mesmo, aos demais, á natureza e a Deus, oremos

✓ Pedimos polas persoas que teñen a responsabilidade de desempeñar cargos públicos, para que o fagan con coherencia, non buscando o seu propio proveito senón o dos demais e o da natureza, oremos

✓ Pedimos polas persoas que hoxe viven sufrindo as cruces: a cruz da fame, a do paro, a do alcol, a da soidade, a do racismo, a do machismo... Por todos, oremos

✓ Polas mulleres que sofren un trato penoso e denigrante como nos deixa a realidade da violencia de xénero, aínda que haxa quen a queira negar, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque sabemos que sempre acolles as nosas preocupacións e desexos se os acompañamos de coherencia. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús nin aparta, nin se aparta, ao contrario, achégase e non foxe da dor, non foxe da cruz. El fala de dar unha man e compartir. A nosa oración non é para fuxir das cruces e dores, é para amosar a confianza no Deus Pai que sempre está á nosa beira, por iso confiados dicimos:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Non pode haber paz nunha sociedade que crucifica por ser negro, muller, maior, refuxiado, pobre, enfermo... Non podemos ser crentes se non somos cribles berrando e loitando á beira de quen se sente inxustamente tratado aquí, ou onde sexa. Non calemos, e fagámolo ben dándonos a paz.*

🎵 **Que medre a paz na nosa terra**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é querer estar á beira de Cristo; é comprometer a vida en construír un mundo que sexa todo el esforzo por dar vida ás persoas que senten o peso da cruz.*

Ditosos nós convidados a este xeito de vivir e a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Na tardiña baixa da vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir a nosa fe.

Queremos medrar sementando ilusións por todas partes, sendo coherentes co evanxeo de Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

Xesús espera que deamos exemplo del nas palabras que non calan as dores e cruces nas que vive moita xente,

e espera que deamos exemplo del no feito de dar unha man aliviando o peso de quen vai cargando cruces.

Como Xesús vivamos dende a tolerancia e o respecto fuxindo do trato denigrante que estes días nos deixa Ceuta. Non queremos calar o trato vergonzoso que viven moitas vidas por ser doutra cultura, doutro país ou doutra relixión.



“Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, que cargue coa súa cruz e que me siga.”.

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes)

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus**

🎵 **Ide e pregoade a nova de Deus**